

# **ESCRITAS ILUSTRADAS**

**Obradoiro dee escrita creativa  
a cargo de Eva Mejuto**

**Pontevedra**

## **CURSO DE ESCRITA AELG**

**Eva Mejuto**

Setembro- decembro 2018. Pazo de Cultura de Pontevedra

Matriculados: 25 persoas

Asistentes regulares: 15-18

Nunha primeira sesión analicei o perfil do público asistentes: experiencias previas, competencia lingüística do galego, expectativas do curso... e a partir desas impresións reorganice e adaptei os contidos iniciais do curso, prestando máis atención a aspectos creativos referidos ao propio cocepto de libro ilustrado e álbum ilustrado.

Tamén finalmente decidin contar con Kiko Dasilva, autor convidado, para dúas sesión, xa que quixen reforzar os aspectos de narración secuencial de BD. A configuración final das sesións quedou do seguinte xeito:

### **SESIÓN 1**

Qué é un álbum ilustrado ou libro álbum. Diferencia entre álbum ilustrado e libro ilustrado. Lectura e exercicio de escrita.

### **SESIÓN 2**

Técnicas de escrita do álbum tomadas da tradición oral I

Lectura de álbums e exercicios practicos.

### **SESIÓN 3**

A CARGO DE KIKO DASILVA: A narración gráfica- Banda Deseñada I

### **SESIÓN 4**

A CARGO DE KIKO DASILVA: A narración gráfica- Banda Deseñada II

### **SESIÓN 5**

Contos de animais, contos maravillosos, contos de fórmula. A tradición oral como base da LIX. Sesión I

Lectura de álbums e exercicios prácticos.

### **SESIÓN 6**

Contos de animais, contos maravillosos, contos de fórmula. A tradición oral como base da LIX.

Sesión II

Lectura de álbums e exercicios prácticos.

SESIÓN 7

Álbum e crítica social . O álbum como espazo para narrar a Historia

Lectura de álbums e exercicios prácticos.

SESIÓN 8

Álbum e poesía. A linguaxe poética do texto e da imaxe.

Lectura de álbums e exercicios prácticos.

SESIÓN 9

Personaxes, voces e ton narrativo. A quen nos diriximos? Como queremos contar a nosa historia?  
Publico destinatario. Sesión I. Lectura de exercicios practicos.

SESIÓN 10

Personaxes, voces e ton narrativo. A quen nos diriximos? Como queremos contar a nosa historia?  
Publico destinatario. Sesión II. Lectura de exercicios practicos.

SESIÓN 11

A interacción de texto e imaxe: relacións, contadións e interferencias de contar con palabras e debuxos. Panorámica do mercado editorial de álbums en Galiza e no estado español. Editoras principais e como enviar o noso traballo.

SESIÓN 12

Achega ao mercado editorial I: contratos, lexisación e concursos. Obradoiro práctico de contratos e facturación.

SESIÓN 13

Achega ao mercado editorial II: contratos, lexisación e concursos. O sector editorial: de Royalties, dereitos e demais cuestións extraliterarias que calquera persoa que escriba debe saber. +  
Recital poético, lectura de microrrelatos e contos curtos na Taberdo Jazz. Festa de fin de curso!

Decidín dar unha clase a maiores para pechar os aspectos máis practicos do curso que me interesaba afianzar (contratos, concursos e mercado) xa que na miña finalidade estaba un enfoque profesionalizante da escrita, coa idea de impulsar ao alumnado a buscar a mellor saída para as súas producións literarias. No curso tamén fixen un asesoramento persoalizado dos escritos que os

alumnos e alumnas do curso tiñan escrito con anterioridade, coa idea de aproveitar o tempo que durase o curso para facer un asesoramento desde unha perspectiva editorial. Estou moi contenta do resultado xa que un dos alumnos decidiu, por primeira vez, escribir en galego (tiña varias obras en castelán) e outros tres alumnos que escribían unicamente poesía decidiron ampliar horizontes e escribir tamén, con moi bo resultado, textos infantís para álbums ilustrados. Varios dos alumnos enviáronos propostas a concursos literarios e dous deles enviaron os traballos feitos durante o curso a editoras galegas para a súa posible publicación.

O grupo que se formou no curso acabou sendo moi compacto, moi unido, o que facilitaba un ambiente de traballo moi fluído e cómodo. Tanto foi así que decidín facer unha "festa" de fin de curso nun pub de Pontevedra, a Taberna do Jazz, con micro aberto e petiscos para o alumnado do curso. Ler os seus poemas e relatos diante de público axudou a reforzar a confianza do grupo e a valorizar o seu traballo.

Para min foi unha experiencia gratísima que agradezo infinito á AELG. Tamén destacar que o alumnado agradeceu o enfoque que decidín darlle ao curso, en boa parte centrado en aspectos prácticos (contratos, mercado editorial...) algo pouco habitual nos cursos aos que previamente asistiron.